

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

*ORDE do 24 de xuño de 2019 pola que se resolve o concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos.*

Mediante a Orde do 22 de outubro de 2018 e mediante a Orde do 26 de febreiro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 212, do 7 de novembro de 2018, e núm. 46, do 6 de marzo de 2019, respectivamente) convocouse concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos.

En aplicación do establecido no artigo 10 da Orde do 22 de outubro de 2018, e en uso da autorización que figura na disposición derradeira primeira do Decreto 120/1998, do 23 de abril, que regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de abril),

**DISPOÑO:**

Primeiro. Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso público convocado polas referidas ordes.

Segundo. De conformidade co establecido no artigo 10.3, os postos adxudicados serán con carácter definitivo, polo que as persoas seleccionadas se deberán incorporar con data do 1 de setembro de 2019, tras cesar no seu destino de procedencia o 31 de agosto dese ano.

Terceiro. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, perante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2019

Carmen Pomar Tojo  
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional



**ANEXO**

Especialidade	EOE	Nº de postos	DNI	Apelidos e nome
Altas capacidades intelectuais	A Coruña	1	***0893**	Afonso Vilas, María Cristina
Trastornos xeneralizados do desenvolvemento	A Coruña	1	***1356**	Bedoya Bouza, Rosa María
Trastornos graves de conduta	A Coruña	1	***7828**	Fernández Mosquera, María Victoria
Discapacidade motora	Lugo	1	***3619**	González Ferreiro, María Nila
Trastornos graves de conduta	Pontevedra	1	***5101**	Teixeira Bautista, Eloísa
Orientación vocacional e profesional	Lugo	1		Deserta
Discapacidade sensorial	Ourense	1		Deserta

